

AER demanda a convocatoria da comisión de seguimento da AP-9, con carácter de urxencia, para tratar a apertura do terceiro carril á altura do colexio Igrexa de Chapela



AER solicita que ao longo desta semana (antes de que o colexio inicie a actividade) o Alcalde, presidente da Comisión de Seguimento das obras de ampliación da AP-9 no Concello de Redondela, convoque esta comisión con carácter de urxencia para tratar a seguridade do CEIP Igrexa ante esta nova situación. Asistan ou non os representantes de Fomento e Audasa. Así mesmo, tamén solicita que para ese mesmo día o presidente da comisión organice unha **visita ás instalacións educativas**, dos membros da comisión e técnicos que poidan explicar a situación de seguridade, ruído e vibracións nas aulas, así como o plan de evacuación no caso do impacto dun vehículo pesado no muro da autoestrada.

O Ministerio de Fomento non atendeu á demanda feita por todos os grupos e colectivos de Redondela en relación á apertura do terceiro carril da autoestrada á altura do CEIP Igrexa de Chapela. Esa demanda foi feita de forma unánime na comisión de seguimento celebrada o 17 de febreiro de 2017. Demanda que pasaba por **manter pechado ese tramo ata que o traslado ao novo centro non fora efectivo**. Na comparecencia feita polo alcalde no pleno do pasado novembro, non se informou claramente sobre este asunto, falouse moito do colexio novo pero poucos datos se amosaron sobre a situación do actual, e a día de hoxe vólvese sentir preocupación de indignación na cidadanía; pois como amosan os datos, estamos ante o primeiro edificio educativo que hai no Estado Español dentro dunha autoestrada, literalmente falando.

AER quere deixar claro que esta situación vén dada pola **incompetencia e as malas prácticas das administracións públicas**, pois recorda que o Colexio Igrexa aparece como inmovible a expropiar nun plano do Ministerio de Fomento en xuño de 2011. Documentos que permaneceron fóra da exposición pública e agochados no Ministerio durante tres anos, ata que en agosto de 2014 saíron as novas expropiacións da AP-9 que duplicaban as expostas no BOE do 13 de xullo de 2010. Está claro que **hai mais de 6 anos que o Ministerio sabía que este centro educativo tiña que ser trasladado**, pero a realidade é que pouco lle importou, pois o principal sempre foi rematar o trazado da autoestrada, sen pensar en ningún momento nos custos sociais que está provocando este despropósito de obra.

En AER preguntámonos **se é xusto que unha infraestrutura de peaxe estea por riba do dereito a unha educación digna e en condicións**.

Sabe ese señor que veu a Rande cheo de escoltas, a destapar unha lona dicindo que a ampliación da AP-9 era unha obra que se facía para as persoas, en que situación se atopa o Colexio Igrexa?

Redondela, a 3 de xaneiro de 2017.